Xa é hora de avanzarmos nos nosos dereitos

Aínda que para moitas galegas o **8 de Marzo de 2018** sexa lembrado como unha **xornada histórica**, onde miles de mulleres rebordaron as prazas e vilas do país, conseguindo poñer no foco do debate social o lugar que desempeñamos as mulleres na sociedade, a problemática dos coidados e a discriminación que sufrimos tanto nos lugares de traballo como fóra destes, o certo é que **meses despois aínda non se abriu proceso ningún que levase a mudanzas concretas**, nin se recolleron as reivindicacións que o feminismo de clase ten para que as mulleres teñamos vidas dignas.

Nin o goberno galego nin o goberno do Estado deron paso ningún para incorporar nin unha soa das nosas demandas, **malia constatar a histórica situación de discriminación das mulleres no mercado laboral,** tanto en materia de salarios como dos tipos de contratación, a pesar da nosa exclusión ou sobrerrepresentación en determinados sectores e ámbitos de decisión e da violencia exercida contra nós, non adoptaron ningunha medida para corrixir a desigualdade salarial, contra a segregación profesional das mulleres ou contra a feminización dos traballos menos cualificados e peor pagos; tampouco puxeron fin aos recortes nos servizos públicos, continuaron permitindo a imposición da patronal cambiando xornadas, quendas ou lugares de traballo á súa conveniencia e imposibilitándonos exercer os nosos dereitos á conciliación da vida persoal, familiar e laboral, precarizando aínda máis as nosas vidas e dificultando e mesmo impedindo o acceso aos sistemas de protección social (desemprego e pensións).

Na Galiza debemos o éxito das mobilizacións ao apoio das mozas, que durante esa xornada tomaron o espazo público, acompañadas, en moitos casos, das traballadoras convocadas a participar nos paros nas tres quendas. Mais a folga de coidados, a folga do traballo doméstico, non acadou o apoio que se pretendía, porque non podemos obviar que **as mulleres seguimos sendo de xeito maioritario as que nos ocupamos do coidado das crianzas, das persoas maiores e das tarefas do fogar**, e hoxe en día poder prescindir desta responsabilidade non é unha libre opción, senón un privilexio, do que están lonxe de acadar aínda moitas.

Por todas elas, lanzamos esta campaña. Conscientes da necesidade de loitarmos contra as diferenzas salariais, contra o desemprego, contra a minusvalorización dos traballos feminizados, contra a problemática derivada dos coidados (dentro e fóra do fogar), contra os salarios de miseria, contra a precariedade, a eventualidade, as xornadas parciais, o acoso machista. **Por todas e cada unha das discriminacións e explotacións que requiren unha resposta do feminismo de clase.**

Por iso **decidimos soster no tempo as denuncias** relacionadas coa discriminación de xénero por parte da nosa central sindical, mediante a posta en marcha dunha **campaña non vinculada á conmemoración de datas concretas**. O obxectivo é sacar á luz a situación de desigualdade que sufrimos as mulleres, exemplificando con casos concretos (convenio colectivo, plan de igualdade, situación concreta na empresa ou sector…) en que consiste a discriminación e como lle dar resposta desde a CIG. Acompañaremos a nosa denuncia de mobilizacións para que transcendan socialmente. **Porque xa é hora de avanzarmos nos nosos dereitos**.

Secretaría das Mulleres da CIG
Departamento de Igualdade
muller@galizacig.gal

XA É HORA DE AVANZAR

NOS NOSOS DEREITOS



CIG

Secretaría das mulleres